

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24 DE NOVENBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día vinte e catro de novembro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía do vinte e dous de novembro de dous mil vinte e un), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS REALIZADAS EN DATA 8 DE NOVENBRO DE 2021 E 15 DE NOVENBRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinarias celebradas en data 8 de novembro de 2021 e 15 de novembro de 2021, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións ordinarias realizadas en data 8 de novembro de 2021 e 15 de novembro de 2021.

2.- PROPOSTA RELATIVA A RETROTRAER O EXPEDIENTE REFERENTE AO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA CENTRO DOCENTE NA RIBEIRA SÉSAMO AO OBXECTO DE CUMPRIMENTAR DEBIDAMENTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data 17 de novembro de 2021 (código de documento UAU15I03SQ), relativa a retrotraer o expediente referente ao Plan especial de dotacións para centro docente na Ribeira Sésamo ao obxecto de cumprimentar debidamente o trámite de información pública, que transcrita di:

“PROPOSTA

En data 18 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar de forma inicial o plan especial de dotacións para centro docente na Ribeira, Sésamo que redactou o arquitecto don José Magdalena Nogueira co visado colexial do 26.11.2019.

Logo da tramitación que consta no expediente, a Xunta de Goberno local en sesión do 27 de setembro de 2021 acordou aprobar provisionalmente o plan especial citado.

Remitido o documento así como o correspondente expediente ao servizo de urbanismo da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda, dito organismo da xefatura territorial remite escrito ao Concello en data 4 de novembro de 2021 no que comunica unha serie de deficiencias na comunicación achegada, entre as que se atopa a de que “*Non consta no expediente administrativo a acreditación do cumprimento do trámite de información pública, que debe indicar número de alegacións, identificación destas e data da súa presentación oficial (Art.207.4 do RLSG)*”.

Advertido a resultados do anterior escrito, que na tramitación do plan especial non se cumpriu debidamente o trámite de información pública do documento aprobado inicialmente, ao non publicarse o anuncio no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello nin no portal de transparencia, omitíndose tamén a publicación na sede electrónica do documento aprobado inicialmente.

Considerando que as omisións citadas supoñen a infracción do disposto nos artigos 84 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro, do Solo de Galicia, artigo 207 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, artigo 70 ter apartado 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 5 e 7 da Lei 39/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bon goberno.

Considerando que o vicio formal advertido consistente nunha defectuosa información pública do documento aprobado inicialmente afectaría a validez do plan que, no seu caso, se aprobase.

Visto o informe emitido pola Secretaría xeral en data 9 de novembro de 2021(código de documento USG15I03O2)

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Retrotraer o expediente ao obxecto de cumprimentar debidamente o trámite de información pública do pan especial de dotacións para centro docente na Ribeira Sésamo aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno local en data 18 de decembro de 2019.

Segundo.- Someter a información pública o pan especial de dotacións para centro docente na Ribeira Sésamo aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno local en data 18 de decembro de 2019 por un prazo de dous (2) meses, publicando a tal fin anuncios no Diario Oficial de Galicia, nun dos diarios de maior circulación da Provincia, no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, publicando tamén na sede electrónica o plan especial aprobado inicialmente que se somete a información pública.

Terceiro.- Conservar os actos, informes e trámites realizados no expediente cuxo contido non resulte afectado polo resultado do novo trámite de información pública.

Cuarto.- Notificar este acordo ao promotor do plan especial, O Castro British School S.L.

Contra este acordo, polo seu carácter de acto de trámite, non cabe recurso algún, sen prexuízo das alegacións que se poidan formular.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data 17 de novembro de 2021 (código de documento UAU15I03SQ), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- DACIÓN DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 9 de novembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se modifica a Orde do 31 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria pra o ano 2021, (código de procedemento CT211B). DOG núm. 221 do 17-11-2021.
- Resolución do 4 de novembro de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais-, pola que se ordena a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2021 polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño, situada en Alvedro (Culleredo), e se declara a súa utilidade pública para os efectos expropiatorios, así como das disposicións normativas contidas nel. DOG núm. 224 do 22-11-2021.
- Anuncio do 18 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria do procedemento selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social de Administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición. DOG núm. 224 do 22-11-2021.
- Resolución do 10 de novembro de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente-e.: IN407A 2021/110-1). BOP núm. 220 do 18-11-2021.
- Anuncio do 16 de novembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación da lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de conserxe-colexio de administración xeral, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, persoal funcionario de carreira. BOP núm. 222 do 22-11-2021.
- Anuncio do 17 de novembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria do proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia, polo sistema de concurso-oposición dos postos de traballo de mestras/es (persoal laboral temporal) necesarios para impartir os módulos formativos MF1016-2, MF1019-2 e MP0029 da especialidade SSCS0208 do Plan formativo para o emprego, exercicio 2021 e 2022. BOP núm. 223 do 23-11-2021.
- Anuncio do 22 de novembro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á modificación das bases reguladoras do programa de subvencións dirixidas a concellos para a realización de festivais de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2021, publicadas no BOP núm. 210 do 4 de novembro. BOP núm. 223 do 23-11-2021.

3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 26 DE NOVIEMBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Redrum Teatro: *Invisibles*.

Público adulto. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.

SÁBADO 27 DE NOVIEMBRE

Parque da Torre de Celas. A partir das 18.00 h.

Gran Festa do Magosto.

Castañas asadas, touciño á brasa, viño novo e queimada.

Actuación do "Dúo Compás".

Organizado pola Sociedade Deportiva e Cultural "O Cruceiro" de Celas coa colaboración do Concello de Culleredo."

3.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

"

- Resolución número CUL/RES/2111/2021 do 17/11/2021 pola que se require á CENTRO DE FORMACIÓN VIAL RALLY, S.L. para que no prazo dun mes proceda á retirada vehículo abandonado na no aparcadoiro da rúa Felipe Mínguez Serrano (Ledoño-Culleredo), coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/2063/2021 do 05/11/2021 pola que se require á don B. Z. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo abandonado ao carón do P.K. 0,3 da estrada DP-3103, deste termo municipal, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/2064/2021 do 05/11/2021 pola que se require á don A. F. V. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa María Cagiao, núm. 8, da Corveira, deste termo municipal, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación."

C.I.F. P-1503100-H

3.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

"

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
04/10/21	1779	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***1280**	Cunha intensidade de catro horas á semana (agás festivos).
04/10/21	1780	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***6455**	Cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).

04/10/21	1783	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***8932**	Cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).
04/10/21	1784	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 30/09/2021 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia, Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia coa mesma data que a súa esposa.	***2055** ***7344**	Cunha prestación de 70 horas mensuais o día 01/10/2021

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
04/10/21	1762	DENEGAR as axudas xa que na documentación aportada dedúcese a capacidade económica familiar para facer fronte ás necesidades indicadas.	***7582**	Gastos de subministración	
04/10/21	1763	DENEGAR a axuda por incumprimento do Art.1 do Regulamento Municipal de PEEIS. A solicitante non reside no Concello	****7151*	Abono de aluguer	
04/10/21	1765	DENEGAR as axudas xa que a solicitante dispón dun saldo bancario acreditativo de non atoparse na actualidade nunha situación de precariedade económica.	***6173**	Abono de recibos de electricidade	
04/10/21	1766	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***3295**	O pago de electricidade correspondente ao mes de xullo de 2021.	27,29 €

C.I.F. P-1503100-H

04/10/21	1767	DENEGAR unha axuda por non cumprir cos requisitos sinalados no regulamento municipal das PEEIS. Concretamente o Art.5.2	***9775**	Gastos derivados das necesidades básicas da vivenda	
04/10/21	1768	Conceder unha axuda económica	****0104*	Pago de recibos de auga, correspondente ao ano 2021, que lle será aboada mediante pago directo ao proveedor.	
04/10/21	1769	Conceder unha axuda económica	****7919*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro (400€/mes) e parte do mes de marzo de 2021 (329€/mes).	1.129,00 €
04/10/21	1770	Conceder unha axuda económica	***7491**	Pago de hipoteca, correspondente as cuotas do ano 2021 ata cubrir o importe máximo establecido.	1.129,00 €
04/10/21	1771	Conceder unha axuda económica	***5323**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril, maio e xuño (310€/mes) e parte de xullo (199€) de 2021.	1.129,00 €
04/10/21	1772	DENEGAR as axudas por imposibilidade de aportar documentación acreditativa do fillo, segundo é manifestado pola solicitante en entrevista persoal e telefónica con ela.	***4148**		
04/10/21	1773	Conceder unha axuda económica.	*****5670	Pago de comunidade, correspondente aos meses de xaneiro a xullo de 2021. Recibo de comunidade correspondente a recibos de agosto a decembro de 2021. Pago de recibo de auga, correspondente aos 1º e 2º trimestre de 2021.	350,00 € 138,22€

C.I.F. P-1503100-H

				Recibo de auga, correspondente ao 3º e 4º trimestre de 2021. Recibo de luz, correspondente o periodo do 4/02/2021 ao 7/04/2021 (68,15€) e do 8/4/2021 ao 31/05/2021 (61,48€). Recibo de luz, correspondente ao resto de recibos de 2021.	
04/10/21	1774	DENEGAR as axudas solicitadas por incumprimento do Art.4 do regulamento municipal e do Art.5.2: excede límite de ingresos.	***1750**		
04/10/21	1775	Conceder unha axuda económica.	***4642*	Pago de aluguer correspondente aos meses de febreiro e marzo (400€/mes) e parte de abril (329€) de 2021	1.129,00 €
04/10/21	1776	Conceder unha axuda económica	***0796**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xullo (329€) e de maio a xuño (800€) de 2021	1.129,00 €
04/10/21	1777	Conceder unha axuda económica	***0792	Pago de aluguer, correspondente ao mese de agosto de 2021. Pago de recibo de electricidade, de correspondente as FE21321355689741, FE21321351141442, FE213212348434937 e FE20321346480866 e FE20321346480865. Recibo de auga, correspondente o primeiro e segundo trimestre de 2021.	192,30 € 672,05€ 265,45€
04/10/21	1778	DENEGAR as axudas para abono de aluguer, xa que	***7427**		

		segundo os movementos bancarios, os ingresos familiares son superiores aos declarados en declaración responsable, e superan o límite de ingresos para poder ser beneficiarios das PEEIS segundo regulamento das mesmas, art.5.2.			
--	--	--	--	--	--

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
04/10/21	1781	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade	***9988**	Cunha vixencia de 10 anos

C.I.F. P-1503100-H

***GASTOS FÚNEBRES**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Importe
30/12/99	1764	Asumir a cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio do finado e aprobalo gasto.	***0250**	1.501,72 €

”

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e catorce minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
A alcaldesa en funcións
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)